



BOP

SÁBADO, 24 DE FEBREIRO DE 2024

N.º 046

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA: Corrección de erros.

Nas bases da convocatoria para a provisión dunha praza de arquitecto/a, funcionario/a interino/a, a media xornada, publicadas na sede electrónica do Concello de Antas de Ulla, e no BOP núm. 24, con data 29 de xaneiro de 2024,

onde di:

b. Nivel de complemento de destino: O 50% do correspondente ao nivel 24.

c. Complemento específico: 961,14€/ mes.

debe dicir:

b. Nivel de complemento de destino: O 50% do correspondente ao nivel 22.

c. Complemento específico: 280,20€/ mes.

De conformidade co cadro de persoal 2024, publicado no BOP núm. 15, de data 18 de xaneiro de 2024.

Antas de Ulla, 20 de febreiro de 2024.- A alcaldesa, M. Pilar García Porto.

R. 0510

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 14 de febreiro de 2024, apróbase o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 6º bimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no BOP durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 15 de febreiro ata o 15 de abril de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0499

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns do mes de febreiro 2024 cuatrimestrais e anuais, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2023/2024, por un importe total de 6.068,76€.

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 19 de febreiro de 2024.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0500

BURELA

Anuncio

EXPTE. 2294/2023.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2023, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal de tráfico.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 20 de febreiro de 2024.- Alcaldesa, Maria del Carmen López Moreno.

R. 0501

Anuncio

EXPTE. 666/2021.- ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS AO AIRE LIBRE OU NA VÍA PÚBLICA ANEXAS A ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO QUE FIGURA ANEXA Á PRESENTE PROPOSTA

O Pleno de este Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 1 de febreiro de 2024, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal de tráfico.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 20 de febreiro de 2024.- Alcaldesa, Maria del Carmen López Moreno.

R. 0502

Anuncio

O Pleno da corporación municipal en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de febreiro de 2024 acordou aprobar inicialmente a desafectación do ben inmóbel situado na Rúa Suafonte, 47 baixo, correspondente á ficha 1A.1.0045 do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación. De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais do concello, e formular as alegacións, observacións e suxestións que se estimen pertinentes.

Burela, 20 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0503

CARBALLEDO**Anuncio**

De conformidade co ordenado pola Alcaldía procédese á publicación das listaxes provisionais de admitidos e excluídos en diversos procedementos incluídos no proceso selectivo convocado mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2022 para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Carballedo polo sistema de concurso oposición, acceso libre, cota xeral, incluídas na oferta de emprego para o ano 2022 (Bop. núm. 119 de 26 de maio de 2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire a da 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP, para presentar alegacións contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, e que, de non presentarse alegacións, á devandita listaxe considerárase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

1º.- AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR

PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 4

Denominación da praza	Grupo/Subgrupo	Denominación do posto	Xornada
Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa

LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS

ADMITIDOS/AS	DNI/NIF
Mª PILAR RODRÍGUEZ MOSQUERA	****725-D
Mª SOLEDAD MARCOS GARCÍA	****089-D
Mª MAR INFIESTO RODRÍGUEZ	****963-T
Mª JOSÉ SUÁREZ LÓPEZ	****406-E
Mª TERESA GONZÁLEZ MÍGUEZ	****185-F
MÓNICA VÁZQUEZ PRADO	****369-B
CRISTINA RODRÍGUEZ FIGUEIREDO	****512-Q

EXCLUÍDOS: Ningún

2º.- OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES

PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 4

Denominación da praza	Grupo/Subgrupo	Denominación do posto	Xornada
Operario Servizos Varios	V	Operario Servizos Múltiples	Completa

LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS

ADMITIDOS/AS	DNI/NIF
J. ANTONIO PEREIRA ÁLVAREZ	****495-P
MARCOS VÁZQUEZ NOVOA	****053-V
JESÚS NOVOA VÁZQUEZ	****742-Z
J. ANTONIO NAVAL GONZÁLEZ	****105-C
BRAIS COUSO TOURIÑO	****888-W
MODESTO VÁZQUEZ GONZÁLEZ	****134-G
ADRIÁN RODRÍGUEZ JORGE	****248-H

EXCLUÍDOS: Ningún

3º.- ORIENTADOR/A LABORAL

PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 1

Denominación da praza	Grupo/Subgrupo	Denominación do posto	Xornada
Orientador/a laboral	II	Orientador/a laboral	Completa

LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS

ADMITIDOS/AS	DNI/NIF
Mª SONIA MOURE ALONSO	****948-J
ISABEL REJES CANOURA	****639-E
SONIA GARCÍA BASANTA	****350-S

EXCLUÍDOS: Ningún

4º.- PERSOAL DE APOIO AO PAI

PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 1

Denominación da praza	Grupo/Subgrupo	Denominación do posto	Xornada
Persoal de apoio ao PAI	IV	Persoal de apoio ao PAI	Completa

LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS

ADMITIDOS/AS	DNI/NIF
MÓNICA GONZÁLEZ LÓPEZ	****597-Q
ESTELA RODRÍGUEZ CORTIÑAS	****217-P

EXCLUÍDOS: Ningún

Carballedo, 20 de febreiro de 2024.- O alcalde, Julio Manuel Yebra Pimentel Blanco. O Secretario, Fernando Torre Comesaña.

R. 0504

LÁNCARA*Anuncio*

Por decretos de 12 e 20 de febreiro de 2024 a alcaldía adoptou os seguintes acordos:

“Que me substitúa na totalidade das miñas funcións:

- o primeiro tenente alcalde, don Pablo Rivera Capón entre os días 9 a 19 de febreiro de 2024.
 - o primeiro tenente alcalde, don Pablo Rivera Capón entre os días 20 a 25 de febreiro de 2024.”
- Láncara, 20 de febreiro de 2024.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0505

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 Peón) AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023**

POSTO DE TRABALLO: 1 Peón

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 16 de febreiro de 2024.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0506

SARRIA*Anuncio*

O día 19 de febreiro de 2024, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2024-0215, aprobou as **BASES PARA O NOMEAMENTO DUN EDUCADOR/A SOCIAL, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, PARA LEVAR A CABO O PROGRAMA SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE “EDUCANDO SEN FRONTEIRAS” E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.**

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de **5 días naturais** a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES PARA O NOMEAMENTO DUN EDUCADOR/A SOCIAL, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, PARA LEVAR A CABO O PROGRAMA SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE “EDUCANDO SEN FRONTEIRAS” E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.

- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.

- Acordo marco municipal para o persoal do Concello de Sarria de 1991.

1.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases o nomeamento, en réxime de funcionario interino (artigo 10.1.c) dun educador social para levar a cabo o programa subvencionado pola Consellería de Política Social e Xuventude "Educando sen fronteiras" (procedemento BS623C), así como a creación dunha bolsa de emprego para dar cobertura ás necesidades que poidan xurdir (artigo 10 do TREBEP) con profesionais que desenvolvesen as súas funcións na categoría profesional encadrada nas características do posto mentres dure o período subvencionado.

Grupo	A
Subgrupo	A2
Escala	Administración Especial
Subescala	Técnica
Clase	Media
Denominación	Educador/a Social
Sistema de selección	Oposición

O nomeamento terá unha duración ata o día 30/04/2025 (perido de duración do programa subvencionado pola Consellería de Política Social e Xuventude)

2. Funcións do posto:

Os obxetivos do programa temporal son os seguintes:

- Previr e compensar dificultades de estruturación da personalidade e inadaptacións sociais. Favorecer a autonomía das persoas.
- Desenvolver actividades cunha finalidade socioeducativa, cultural, lúdica,...
- Potenciar a procura da información e comprensión, en e da contorna social.
- Desenvolver o espírito crítico e a capacidade de comprensión e análise da realidade socioeducativa.
- Posibilitar e ampliar a participación dos grupos e individuos.
- Contribuir á mellora das competencias e aptitudes dos individuos.
- Favorecer o cambio e transformación social. Impulsar o desenvolvemento sociocultural, sociolaboral, institucional e comunitario.
- Contribuír á creación e reforzo do tecido social e asociativo

Para acadar os obxectivos, a persoa nomeada deberá realizar as seguintes actuacións:

- Seguimento das persoas perceptoras de RISGA empadroadas no Concello de Sarria
- Intervencións coas familias máis desfavorecidas
- Apoio en Servizos Sociais na Organización económica das familias con baixos ingresos
- Coordinación co servizo de conciliación municipal e colaboración cos centros educativos na participación en actividades de titularidade municipal
- Seguímentos dos expedientes derivados ao servizo do menor da Xunta de Galicia
- Asesoramento na busca de emprego, así como no deseño de accións formativas importantes para o Concello de Sarria.

- Calquera outra vinculada cos fins da subvención que lle poida ser encomendada e seaxa adecuada ás funcións do posto de traballo.

3. Réxime normativo:

No proceso de selección regulado polas presentes bases serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

4. Procedemento de selección:

A selección efectuarase mediante oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

5. Requisitos das persoas aspirantes:

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro:

Para ser admitido a realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data en que finalice o prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante o desenrolo do proceso selectivo:

- a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.
- b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Titulación académica: Estar en posesión do título de diplomado en educación social, título de grao en educación social ou ben encontrarse nalgún dos supostos previstos pola Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia ou estar en condicións de obtelo na data de fin do prazo da solicitude.
- d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarase ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).
- f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con grao recoñecido de minusvalía, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.
- g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).
- h) Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta (incluída na instancia).

Os/as aspirantes que non utilizaran o modelo facilitado nestas bases, deberán aportar específica declaración responsable e declaracións xuradas referidas anteriormente.

6. Presentación de instancias:

6.1. As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo, conforme ao modelo que figura como Anexo I das presentes bases, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Sarria, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de 5 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. **Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través da sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>**

6.2. Xunto coa solicitude as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación en documento orixinal ou copia:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

6.3. Xustificante do pagamento de dereito a exame, de acordo coa Ordenanza fiscal reguladora, que ascende á cantidade de **30,00 euros**, e que deberá ingresarse no seguinte número de conta do Concello: ES4320800143363110000018.

O pago da taxa debera facerse dentro do prazo de presentación de instancias.

7. Admisión das persoas aspirantes:

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de **10 días hábiles**, que se publicará na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es_, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de **2 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

7.2. Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es_, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

8. Tribunal:

8.1. O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

8.2. A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

8.3. O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

8.4. Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

8.5. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

9. Procedemento de selección:

O proceso de selección efectuarase polo sistema de oposición.

9.1. Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados oportunamente na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es_en consonancia coas presentes bases.

O Tribunal poderá acordar a celebración de todos os exercicios na mesma data, ben de xeito sucesivo ou con descansos entre os mesmos ou acordar a celebración das probas en días distintos.

1º) Exercicio tipo test:

O exercicio consistirá nunha proba tipo test de 40 preguntas referentes ao temario do Anexo II, con 3 respostas alternativas, das cales, soamente unha será correcta. A maiores, o tribunal establecerá 5 preguntas de reserva, as cales serán valoradas polo seu orde unicamente no caso de ser anulada algunha das preguntas principais.

A puntuación total da proba será de 10 puntos, debendo acadar os aspirantes un mínimo de 5 puntos para superala, quedando eliminados os aspirantes cunha puntuación inferior. Cada resposta correcta será valorada

con 0,25 puntos; cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos; as preguntas en branco non serán valoradas nin restarán puntos.

Os aspirantes disporán de **40 minutos** para a realización do exercicio.

2º) Exercicio sobre o coñecemento da lingua galega:

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que: “[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Polo tanto, o exercicio consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo Tribunal, de castelán para o galego ou de galego para o castelán. Esta proba terá unha duración de **10 minutos** e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega, ou Celga 4, ou equivalente, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

9.2. Publicación dos resultados dos exercicios:

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es_.

Concederáse un prazo de **2 días naturais** para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se contarán desde o día seguinte a data de publicación dos resultados na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>

No caso de que o tribunal acorde a celebración de varias probas na mesma data, a publicación das puntuacións farase de xeito simultáneo.

10. Relación de persoas aprobadas e presentación de documentación: Rematadas as dúas fases anteriores, o tribunal publicará na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es_ a relación de aspirantes por orde de puntuación.

En caso de empate na puntuación final, este resolverase do seguinte xeito:

1. Maior número de preguntas correctas
2. Menor número de preguntas erradas
3. Por orde alfabético á inversa (da “z” á “a”) do segundo apelido das persoas aspirantes empatadas

En caso de persistir o empate, o tribunal deberá determinar outro sistema de desempate.

O tribunal elevará proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Alcaldía para que proceda á resolución de expediente de selección e orde da bolsa.

A persoa aspirante proposta para o seu nomeamento achegará no prazo de **2 días naturais**, contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es_ os documentos seguintes:

- Copia compulsada de:
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

No caso de non achegarse a documentación pola persoa proposta, requirirase á seguinte persoa por orde de puntuación para a presentación da mesma e propoñerase para o seu nomeamento

11. Funcionamento da bolsa.

Unha vez se declare rematado o proceso de selección, aprobarase a bolsa de emprego formada polas persoas que superaron o proceso pero que non foron nomeadas como funcionarios/as interinos/as para o posto de Educador/a Social. A duración da mesma será a duración do programa temporal (ata o 30/04/2025), quedando extinguida ao remate do mesmo.

A bolsa utilizarase para posibles substitucións da persoa nomeada ou para cubrir o posto en caso de renuncia, funcionando do seguinte xeito:

1-SITUACIÓN NAS BOLSAS DE EMPREGO:

“As persoas que se atopen conformando parte nas bolsas de traballo do Concello de Sarria poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

a) “DISPOÑIBLE”

Situacións dende a que o/a integrante da bolsa pode recibir o chamamento de oferta de contratación laboral ou nomeamento funcionario interino/a, segundo o réxime da bolsa

b) “OCUPADO/A”

Situación que indica que se atopa prestando servizos no Concello de Sarria, independentemente do posto desempeñado.

O cambio da situación de dispoñible a ocupado e viceversa realizarao de oficio o responsable da xestión das bolsas unha vez remate o contrato/nomeamento

c) “SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTOS”

O/A integrante da bolsa atoparase na situación de “suspensión de chamamentos” cando solicite expresamente e por escrito que non se realicen chamamentos para contratacións ou nomeamentos.

O/A interesado/a, mentres se atope neste situación, non será requirido/a para novas ofertas e non será penalizado, mantendo o mesmo posto na lista. Se desexa estar dispoñible para novos chamamentos deberá comunicalo expresamente por escrito.

d) “EXCLUÍDO”

Situación que comportará a exclusión definitiva do/a aspirante da bolsa de traballo e que se producirá por algunha das seguintes causas:

- 1. Rexeitar un chamamento sen xustificalo nas causas establecidas que determinan o pase ao final da lista.*
- 2. Simular ou falsear calquera das causas que xustifican o rexeitamento de ofertas de traballo*
- 3. Separación ou despido do servizo mediante expediente disciplinario*
- 4. Toda renuncia voluntaria ou ruptura da relación laboral temporal ou funcional interina co Concello de Sarria, se é o caso, sempre que non sexa por algunha das causas de xustificación de rexeitamento de oferta*

e) “ILOCALIZABLE”

Situación na que se atoparían aqueles/as integrantes da bolsa que non fora posible localizalos pola Administración vía telefónica ou vía correo-electrónico que facilita o/a aspirante.

O/A interesado/a en situación de “ilocalizable” non será chamado/a para novas ofertas ata que non cambie a súa situación a “dispoñible” (cambio que deberá solicitar expresamente e por escrito)

2 - REALIZACIÓN DOS CHAMAMENTOS

Cando sexa preciso levar a cabo a contratación ou nomeamento de persoal, os chamamentos realizaranse do seguinte xeito:

→ Realizaranse **3 chamadas telefónicas cunha diferenza de media hora** entre cada chamada. Se non hai resposta á terceira chamada, o aspirante pasará ao final da bolsa de emprego e enviaráselle un correo electrónico, no caso de haber comunicado o mesmo, para avisalo da situación. Se non responde ao correo nun prazo de tres días naturais, pasará á situación de “ilocalizable”; se non facilitou un correo electrónico, pasará á situación de “ilocalizable” directamente despois da terceira chamada sen resposta.

→ En casos de **urxencia acreditada**, poderase realizar un único chamamento a cada aspirante e, no caso de non contestar, pasarase ao seguinte, neste caso sen penalización.

- Os chamamentos comezaranse polo principio da bolsa, dende o número 1 e seguindo a súa orde segundo a dispoñibilidade e estado das persoas integrantes da mesma.
- Cando se teñan que realizar varios chamamentos da mesma bolsa de emprego nun período non superior a 15 días hábiles, continuarase dende o último chamamento realizado.
- Cando se realicen chamamentos, deixarase constancia no expediente cunha dilixencia asinada pola persoa que realice os mesmos, indicando a data e hora das chamadas e a resposta recibida.
- Se a persoa rexeita o chamamento:

a. Pasará ao final da lista no caso de presentar algunha das seguintes xustificacións dentro dos tres días naturais seguintes ao chamamento:

→ **Por razón de enfermidade que lle impida o desempeño do traballo ao momento do chamamento.**

Esta situación xustificarse mediante a achega da correspondente baixa médica ou certificación oficial do médico de familia.

→ **Por maternidade, paternidade ou adopción ou acollemento, durante o tempo que legalmente corresponda.**

Esta situación xustificarse con fotocopia do libro de familia ou, se non, informe médico.

→ **Por atoparse en alta no réxime xeral da Seguridade Social ou en calquera dos seus réximes especiais no momento do chamamento ou iniciar tal prestación dentro do mes seguinte á data de inicio do contrato ou nomeamento ofertado.**

Esta situación xustificarse coa vida laboral actualizada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, certificado de servizos prestados emitido por Administración pública, ou copia do contrato ou nomeamento.

→ **Por ser coidador/a principal de persoal dependente.**

Esta situación xustificarse por medio de documentación acreditativa de tal condición.

→ **Por matrimonio ou parella de feito. Durante o prazo de trinta días naturais dende a data de matrimonio ou realización de parella de feito non se realizarán ofertas de traballo, salvo que manifeste por escrito pasar a situación de “dispoñible” antes da finalización deste período.**

Esta situación xustificarse con fotocopia do libro de familia ou calquera outro documento acreditativo.

→ **Por exercer cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.**

b. Será eliminada da bolsa, de xeito definitivo, se non presenta xustificación nos termos sinalados no apartado anterior, dentro dos tres días naturais seguintes.

3 - FINALIZACIÓN DA CAUSA DE CONTRATACIÓN OU NOMEAMENTO

Unha vez finalizado o contrato ou chamamento segundo o asinado no contrato de traballo / acta de toma de posesión, a persoa pasará automaticamente da situación de “ocupado/a” á situación de “dispoñible” en todas as bolsas de emprego das que sexa integrante.

No caso de rexeitar ao contrato / nomeamento unha vez formalizado o contrato / toma de posesión, será eliminada da lista, sempre que non sexa por algunha das causas de xustificación de rexeitamento, en cuo caso, pasará ao final da lista.

12. Réxime de incompatibilidades.

As persoas que resulten nomeadas estarás sometidas ao réxime de incompatibilidades que establece a Lei 53/1984, do 26 de decembro, e outras incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

13. Normas finais:

13.1. Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

13.2. A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o

establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

ANEXO I (INSTANCIA)

PROCEDEMENTO SELECTIVO EDUCADOR/A SOCIAL.			
DATOS DO SOLICITANTE:			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
NACIONALIDADE:		DATA DE NACEMENTO:	
NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante	<input type="radio"/> Persoa representante	
<input type="checkbox"/> Medios Electrónicos:	Correo Electrónico:		
<input type="checkbox"/> Outros Medios:	Nome da Vía:		
	Número, Bloque, Andar, Porta:		
	Parroquia / Lugar:		
	Localidade / Provincia:		
	Código Postal / País:		
Teléfono/s de contacto:			
TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:			
TITULACIÓN:		DATA DA TITULACIÓN:	
ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:			
<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non			
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:			
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			
2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fôra necesario.			
PROTECCIÓN DE DATOS: Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Sarria			
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:			
LUGAR E DATA:			

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA

ANEXO II (TEMARIO)**PARTE XERAL.**

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Procedemento de reforma.

Tema 2.- Dereitos fundamentais e libertades públicas. A súa garantía.

Tema 3.- A Coroa. A sucesión o Refrendo

Tema 4.- As Cortes xerais. O Congreso. O senado. Composición.

Tema 5.- O goberno. Composición e función. A elección do Presidente do Goberno.

Tema 7.- O Tribunal Constitucional. Composición e función. O Defensor do Pobo.

Tema 8.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: Contido. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 9.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.

Tema 10. Organización municipal. Órganos e competencias. O Alcalde, O Pleno, a Xunta de Goberno Local e as comisións informativas.

Tema 11- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 12.- O procedemento administrativo. Concepto e natureza. Fases do procedemento administrativo.

Tema 13.- Os recursos administrativos. Actos susceptibles de recursos. Revisión de Oficio. Declaración de Lesividade

PARTE ESPECIFICA

Tema 1.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: definición e obxectivos , estrutura do sistema.

Tema 2- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: catálogo de Servizos Sociais e equipo profesional e funcións.

Tema 3.- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: Natureza, contido, funcións e programas dos Servizos Sociais comunitarios básicos.

Tema 4.- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: Os servizos sociais comunitarios no sistema de servizos Sociais. Os Servizos Sociais comunitarios específicos.

Tema 5.- Os servizos sociais no Concello de Sarria: recursos sociais e prestacións existentes.

Tema 6.- O traballo en equipo en servizos sociais. Interdisciplinabilidade. Instrumentos de traballo en equipo.

Tema 7.- O/A educador/a social. Funcións e tarefas. Ámbitos concretos de intervención.

Tema 8.- Obxectivos da acción socioeducativa. Persoas destinatarias. Metodoloxía.

Tema 9.- Intervención socioeducativa no ámbito dos Servizos Sociais comunitarios básicos.

Tema 10.- Habilidades básicas na entrevista en intervención familiar. Etapas da primeira entrevista.

Tema 11.- A alianza terapéutica: o educador e a familia. Habilidades básicas de comunicación e resolución de conflitos.

Tema 12.- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: Familias e persoas maiores.

Tema 13.- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Tema 14.- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: Infancia e adolescencias. Actuacións e sistemas de protección á infancia e á adolescencia.

Tema 15.- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: reeducación de persoas menores infractoras. Institucións, entidades e centros de atención a menores.

Tema 16.- A familia como obxecto de intervención na educación social: concepto, estrutura e funcións. Modelos, técnicas e instrumentos de intervención. Familias en situación ou risco de exclusión social.

Tema 17.- A adolescencia. Definición. Cambios físicos e psicolóxicos. Pautas educativas.

Tema 18.- Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención ante os malos tratos infantís.

Tema 19.- Parentalidade positiva: concepto e principios.

Tema 20.- Absentismo escolar. Concepto. Causas. Protocolos de actuacións

Tema 21.- A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: RISGA

Tema 22.- A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: AIS

Tema 23.- A violencia de xénero. Conceptualización. Tipos de malos tratos. Características. O ciclo da violencia.

Tema 24.- Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad: Disposiciones generales e integración transversal del principio de igualdad en las actuaciones de la Administración pública.

Tema 25.- Minorías étnicas: necesidades e recursos.

Tema 26.- Inmigrantes: necesidades e recursos.

Tema 27.- Educación para a convivencia e a paz. Estratexias educativas para o fomento da interculturalidade e mediación social

Tema 28.- A Lei de protección de datos de carácter persoal: principios de protección de datos e dereitos das persoas.

Sarria, 19 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0507

Anuncio

Pola Comisión Provincial de Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas foi aprobada definitivamente a modificación viaria e dotacional das Normas Subsidiarias de Planeamento de Sarria o 24 de abril de 1990.

Visto que non consta publicación da dita norma en Diario Oficial, e atendendo ó disposto no Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, 70.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 131 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, remítese o documento para a súa publicación, o que se poderá consultar completo, incluída a planimetría, na sede electrónica do Concello de Sarria a través da seguinte ligazón: <https://sarria.sedelectronica.es/transparency/ede2863a-06b8-4818-b3b5-a43a0f677f3e/>

NSP DE SARRIA Modificaciones viaria y dotacional

SARRIA.-

MEMORIA

Es objeto del presente Proyecto de Modificación de las Normas Subsidiarias la variación de los tres aspectos puntuales del núcleo urbano existente que no afectan a la estructura general y orgánica del territorio.

Los elementos objeto de modificación son los tres señalados seguidamente:

1º.- Señalamiento de una vía, a nivel de planeamiento general, de 8 ms. de ancho, coincidente con un camino existente en la travesía de la C-546, o Ctra. de Monforte, en el tramo homólogo al equipamiento deportivo del Chanto.

La mencionada vía discurre entre otras dos de 12 y 15 ms. de ancho, contenidas en las NSP, una de relación entre el Casco Antiguo y la C- 546, y otra de prolongación de la tangencial a Manosa, recientemente ejecutada, hasta la zona de Farbán.

El ancho del viario es consonante con el camino y las edificaciones unifamiliares existentes sobre el mismo.

La longitud total de la vía es de unos 80ms. de los cuales la mitad discurre por suelo urbano dentro de la Ordenanza RA: Residencial Abierta y la otra mitad por suelo urbanizable de prescripción residencial.

En el tramo urbano el ancho actual del camino, genéricamente hablando, es el de 8 ms. citado, en tanto que en el tramo urbanizable el ancho actual es de 6 ms.

La traza es, genéricamente la actual y la rasante también la existente y determinada por el asentamiento residencial al que sirve de apoyo.

La Modificación no representa incremento alguno de volumen edificable por lo que es improcedente la mayor previsión de espacios libres del art. 49 de la Ley de Suelo.

2º.- Ampliación del suelo dotacional en la zona de Mercado Ganadero al objeto de facilitar el incremento de las instalaciones en consonancia con la elevada dinámica que el mismo tiene.

Tal ampliación se efectúa sobre una superficie genéricamente rectangular, de 0,97 Has de extensión, situada en el angular de acceso al Mercado por el lateral sureste, y comprendido entre el actual espacio dotacional, una superficie de espacio libre al oeste del mismo y una vía de planeamiento general de 12 ms. de ancho, y según la traza señalada.

El suelo soporte de la ampliación dotacional es de pendiente similar al contiguo por el lateral norte, es decir, ligeramente inclinada hacia el oeste y representa el espacio más adecuado para la ampliación de las instalaciones ganaderas, ampliamente facilitadas por su contacto con la vía de planeamiento general mencionada.

3º.- Ampliación del suelo dotacional en el entorno del Castillo y como base de protección al mismo.

Tal espacio dotacional, de nuevo señalamiento, se extiende sobre una superficie de 0,34 Has, delimitadas por los dos accesos actuales al Mercado Ganadero y una vía de NSP de 12ms. de ancho no existente todavía.

La superficie dotacional incluye edificaciones de carácter tradicional consonantes con la finalidad que se persigue.

De esta forma las ruinas del Castillo se protegen por inserción en un espacio dotacional cuya utilización será consonante con las características del mismo.

Ambas modificaciones dotacionales no representan volumen edificable residencial a mayores, más bien, al contrario, implican una minoración de la población de la zona por cuanto la ampliación para Mercado Ganadero está definida actualmente como residencial mixta, en tanto que el espacio de protección del Castillo, objeto de modificación, está calificado como residencial cerrada.

Así pues ambas zonas implican una minoración manifiesta de la densidad de la población.

El suelo correspondiente a la vía de nuevo señalamiento ya está prácticamente destinado en su totalidad a tal finalidad y la ejecución de la misma se concibe por el sistema de cooperación.

El suelo objeto de ampliación del espacio dotacional, tanto para el Mercado Ganadero como para protección del Castillo, es de propiedad privada y su adquisición se prevé por el sistema de expropiación, sin menoscabo de posibles avenencias.

En resumen, las tres modificaciones señaladas son otras tantas alteraciones de las NSP en vigor representativas de cambios aislados en la calificación del suelo sin que representen la adopción de nuevos criterios respecto de la estructura general y orgánica del territorio y, obviamente, no inciden en el modelo territorial contenido en las NSP.

Sarria, 14 de febreiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0508

Anuncio

DECRETO DO SR ALCALDE-PRESIDENTE

D. CLAUDIO GARRIDO MARTÍNEZ

Visto o escrito presentado neste Concello por D. José Francisco Real Castro, titular do DNI *****63*, en representación da Asociación Provincial Empresarios Hostelería e Tursimo de Lugo, o día 7 de febreiro de 2024, con rexistro de entrada número 2024-E-RC-893, a medio do cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalaría deste Concello en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas:

- ENTROIDO.: Todas as noites dende a noite do 8 ao 9 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 12 ao 13 de febreiro (incluída).
- SEMANA SANTA.: Todas as noites dende a noite do 22 ao 23 de marzo ata a noite do 30 ao 31 de marzo (incluída).
- FESTA DO TRABALLO-: Noite do 30 de abril ao 1 de maio
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Todas as noites dende o 16 ao 17 de maio atra a noite do 18 ao 19 de maio.
- FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO: A noite do 24 ao 25 de Xullo.
- FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN: A noite do 14 ao 15 de agosto.

- DÍA DA HISPANIDADE: A noite do 11 ao 12 de outubro e a noite do 12 ao 13 de outubro.
- TODOS OS SANTOS: Todas as noites dende a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 2 ao 3 de novembro (incluída).
- PONTE DA CONSTITUCIÓN: Todas as noites dende a noite do 5 ao 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída)
- FESTAS DE NADAL: Todas as noites dende a noite do 20 ao 21 de decembro de 2024 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2025 (incluída).

Vista a presente solicitude e, visto que están programadas a celebración das festas patronais de San Xoan dende o 21 ao 25 de xuño e a Noite Meiga o 31 de agosto, e considerando o carácter excepcional destas datas nas que durante as mesmas prodúcese un ambiente popular e festivo, o que repercute en beneficio do comercio local.

Visto o artigo 9 da ORDEN de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ó público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas:

“ 1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliara para todo o seu termo municipal, ou para zonas concretas deste, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares(...)

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais atra un máximo de dúas horas.”

Visto o informe da policía local de data 10 de febreiro de 2024, e en virtude do establecido no no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación; veño en resolver:

Primeiro.- A ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecementos de hostalaría, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividades enumeradas anteriormente e con produción de efectos dende a data da presente resolución:

Segundo.- Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo, así como á Policía Local e ó Cuartel da Garda Civil de Sarria, para o seu coñecemento.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Sarria (<https://sarria.sedelectronica.es>)

Sarria, 20 de febreiro do 2024.- O Alcalde-Presidente, Claudio Garrido Martínez.

R. 0509

COLEXIO OFICIAL DE SECRETARIOS INTERVENTORES E TESOREIROS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE LUGO

Anuncio

Colegio Oficial de Secretarios, Interventores y Tesoreros de la Administración Local de la Provincia de Lugo.

Por acuerdo de la Junta de Gobierno adoptado en sesión extraordinaria celebrada el 19 de febrero de 2024 se convocan elecciones para la renovación de la Junta de Gobierno del COSITAL Lugo, a celebrar en Asamblea Electoral en la que se elegirán los siguientes miembros:

- a) Dos de la subescala de Secretaría.
- b) Dos de la subescala de Intervención-Tesorería.
- c) Dos de la subescala de Secretaría-Intervención.
- d) Tres vocales más con independencia de la subescala a la que pertenezcan.

Las candidaturas se presentarán hasta quince días antes de la fecha de celebración de la Asamblea Electoral, dirigidas al Sr. Presidente y se remitirán a la Calle Ourense, 59 Entlo. A, de la ciudad de Lugo.

La proclamación de los candidatos se efectuará por el Secretario de la Junta de Gobierno antes del décimo día anterior a la celebración de la Asamblea Electoral.

Cada elector podrá otorgar su voto a un máximo de tres candidatos pertenecientes a la subescala de Secretaría, tres candidatos de la subescala de Intervención-Tesorería y tres candidatos de la subescala de Secretaría-Intervención.

Para la elección de los cargos directivos del Colegio Provincial se podrán presentar candidaturas conjuntas, para ocupar todos o algunos de los cargos de la Junta de Gobierno o candidaturas individuales para cualquiera de los cargos. Las candidaturas conjuntas habrán, si ello es posible, de garantizar la representación de las tres subescalas, con la incorporación a las mismas de tres miembros de cada subescala.

La proclamación de los candidatos se efectuará por el Secretario de la Junta de Gobierno antes del décimo día anterior a la celebración de la Asamblea Electoral.

La jornada electoral se verificará en la sede colegial entre las 11:00 h. y las 13:00 h. del 27 de Abril de 2024.

Mediante el presente anuncio se expone al público el censo electoral, durante el plazo de 20 días contados desde la publicación del presente anuncio en el BOP de Lugo, que podrá ser consultado en la sede colegial de Lunes a Viernes en horario de 17:00 horas a 18:00 horas.

Lugo, 19 de febrero de 2024.- LA PRESIDENTA EN FUNCIONES, Nadia Díaz Vázquez.

R. 0490
